

## ELMER E WILBUR

Texto e ilustracións de DAVID MCKEE

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ

Encadernado en cartóné. 20 x 23 cm. 32 páx. 15 €.

ISBN 978-84-1343-059-1. Tras os montes.

*Elmer, o elefante de retallos, agardaba polo seu curmán, Wilbur, que viña a visitalo.*

*–Tarda moito –dixo Elmer–. Pode que se perdeses. Imos buscalo.*



*–Como é Wilbur? –preguntou un elefante.*

*–Estade atentos e mirade –dixo Elmer ríndose–. A Wilbur gústalle gastar bromas...*

Elmer contara coa axuda de Wilbur para atopar un osiño perdido nunha das anteriores aventuras deste simpático personaxe multicolor; agora é Wilbur quen necesita que o seu curmán o saque dun apuro, algo no que van colaborar de xeito entusiasta outros elefantes. Velaquí un novo relato cheo de amizade, tenrura, ledicia, empatía, solidariedade e axuda colectiva, e tamén moito humor. Porque se Elmer se caracteriza por ser traste, Wilbur é outro trangalleiro. Por iso dar con el convértese en toda unha peripecia: non está onda o tigre, nin no tobo dos coellos e tampouco é súa a imaxe que se reflicte na superficie do lago... a voz de Wilbur escóitase por todas partes, pero non hai nin rastro del a pesar de que o seu aspecto é tan chamativo como o do seu curmán.

Cada vez están máis intrigados sobre o paradiro de Wilbur ata que, por fin, a súa pelaxe branca e negra sobresa entre o arborado. Pero gastaranlle algunha que outra chanza antes de levalo onda o resto da manda.

Máis de 30 anos despois da publicación dos primeiros títulos desta serie, Elmer xa é un clásico da Literatura Infantil e Xuvenil contemporánea. As súas aventuras, mundialmente coñecidas, protagonizaron máis dunha vintena de títulos editados en numerosos países. Unhas ilustracións cheas de colorido e de contrastes, e un relato con tensión narrativa ben resolta, fan desta colección un recurso imprescindible para primeiros lectores enalzando a tolerancia e o respecto polas diferenzas, afondando no autoconecemento e na individualidade, e destacando a importancia de ser un mesmo.



■ **Temática:** xenerosidade, cooperación, amizade, xogo.

■ **Idade recomendada:** desde 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** colaborar na solución dos problemas; emocións; humor; diferenzas, diversidade, aceptación, tolerancia; artes; 26 de maio, Día Mundial de Elmer; do autor de «Elmer», «Elmer e o osiño perdido» e «Agora non, Bernardo» (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/elmer-e-wilbur-g>

### David McKee

(Reino Unido, 1935)

Mentres estudaba na Escola de Arte e Deseño de Plymouth comezou a colaborar en varios xornais como caricaturista. The Times é un dos prestixiosos medios nos que traballou antes de dedicarse á ilustración. Como autor, dende 1964 ten publicado numerosos libros infantís que acadaron éxito internacional e foron traducidos noutros países. Moitas obras súas convertéronse en proxectos cinematográficos e series de animación para televisión. Recibiu, entre outros premios, o Deutcher Jugendliteraturpreis 1987, Children's Choice Selections 1997, International Reading Association 1997 e 1999, e foi nominado ao Premio Hans Christian Andersen en 2006. “Cando penso nos álbums, vexo que non só é un tipo de libros para nenos; tamén o é para adultos, dun xeito peculiar. Gústame pensar que escribo para o adulto que o neno será un día e para o neno que aínda está nun adulto”, ten afirmado.

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com

